

O ENFOQUE POR PROXECTOS

RAZÓNS DADAS PARA A INTEGRACIÓN CURRICULAR

- Razóns centradas no alumnado (pensamento, motivación,...)
- Razóns centradas na finalidade educativa (formar cidadáns e cidadás)
- Razóns centradas no rexeitamento disciplinar
- Razóns centradas na realidade e a súa complexidade
- Razóns centradas no que hai que aprender
- Razóns centradas na lexislación educativa

CONCEPTOS ASOCIADOS

- ACUMULACIÓN DE SABERES/SUMATORIO DE CONTIDOS
- POSTA EN CONTACTO DOS DISCURSOS DISCIPLINARES. UN TEMA COMO PRETEXTO
- COÑECEMENTO RELACIONAL:
 - INTERDISCIPLINARIEDADE
 - GLOBALIZACIÓN

GLOBALIZACIÓN

- Os contidos articúlanse non de xeito arbitrario, senón con relacións fondas e funcionais.
- Establécense relacións para dar resposta a problemas concretos.
- Permite que determinadas actividades de difícil inclusión en determinadas áreas se leven a cabo na escola.

GLOBALIZAR NON É

- Sumar materias nin acumular saberes ao redor dun tema que sirva de pretexto, sen crear relacións internas senón externas, anecdóticas, impostas polo profesorado.
- Elixir temas nos que todas as áreas aporten os seus contidos, traballando necesariamente todas as áreas.
- Tomar as áreas como punto de partida, sen que exista unha continuidade lóxica e natural.
- Simplificar a realidade, sen vela de xeito complexo.

INTERDISCIPLINARIEDADE

- Admitir a presenza dun problema complexo que esixe unha harmonización de varias especializacións en vista da comprensión e intento de resolución dese problema.
- Permitir coñecer máis e mellor acerca dunha realidade, facernos capaces de captar máis aspectos.
- Realizar a síntese do que se logrou aprender mediante análise especializado e recoñecer que a “verdade” sempre é unha empresa inacabada.

INTERDISCIPLINARIEDADE NON É

- Rexeitar o estudo disciplinar. Non hai traballo interdisciplinar sen disciplinas.
- Contrapoñerse á especialización.
- Poñer en contacto os discursos de diferentes disciplinas, colocar aspectos de diferentes disciplinas uns ao lado de outros. Realizar investigacións paralelas
- Multidisciplinariedade nin transdisciplinariedade.
- Porse na busca dun tema que permita traballar xuntas a varias disciplinas.
- Considerar as disciplinas como un fin en si mesmas en vez dun medio para acercarse á realidade.
- Tentar captar a realidade sen deterse no esforzo de análise.

METODOLOXÍA

- Para acadar este coñecemento relacional precísase dunha metodoloxía adecuada
- Algúns dos métodos de traballo son:
 - Pequenos proxectos
 - Proxectos de traballo
 - Traballo por proxectos
 - Proxectos interdisciplinares

Que é un proxecto?

- O “pequeno proxecto” é un plan de acción e realización, que un grupo de nenos e nenas e a súa mestra/mestre proponse a si mesmos, cunha clara intencionalidade de conseguir un resultado.

Para iso necesitamos:

- **argumentar, negociar e resolver:**
- que se quere facer
- para que o imos a facer
- que necesitamos
- con que o faremos
- onde atopar o que necesitamos
- etc.

- **asignar responsabilidades:**
- quen van facer cada unha das tarefas
- **Como avaliar o plan:**
- os pasos dados e os resultados obtidos

Algunhas claves importantes

1. Unha concepción do neno e da nena que entende que o neno/a **PENSA** , é crítico/a, reflexivo/a, pensante, capaz de crear hipótese,...

2. Unha concepción da educación que non busca soamente que o alumnado adquira mecanicamente uns contidos, senón axudarlle a organizar o pensamento, a relacionar. É dicir, ENSINAR a PENSAR.

3. Unha concepción da alfabetización onde o traballo non radica só en recoñecer signos gráficos, é dicir o alfabeto, senón que o obxecto de traballo son as PRÁCTICAS SOCIAIS de lectura e escritura, que se desenvolven na vida cotiá.

4. Un cambio de actitude por parte do educador/a. O seu labor principal non é transmitir coñecementos senón canalizar, orientar, guiar, provocar conflitos,... que posibiliten a construción da aprendizaxe. O mestre/a proporciona información e estimula para que o neno e a nena definan e constrúan o seu propio saber.

ANTECEDENTES

- **A TEORÍA DO COÑECEMENTO É A EXPERIENCIA.**

A proposta metodolóxica consta de cinco fases:

- 1.-Consideración dalgunha experiencia actual e real do neno.
- 2.-Identificación dalgún problema ou dificultade suscitados a partir desa experiencia.
- 3.-Inspección de datos dispoñibles, así como procura de solucións viables.
- 4.-Formulación da hipótese de solución.
- 5.-Comprobación da hipótese pola acción.

John Dewey (1859-1952)

- **A EDUCACIÓN COMO RECONSTRUCCIÓN CONTINUA DA VIDA**

Máis que buscar un “sistema” para controlar e regular a conduta do alumnado (o que denominamos “xestión da clase” e que supón pensar que ao alumnado hai que controlalo) espérase o mellor deles, son tratados como persoas, celébranse os seus logros e respéctanse os seus intereses.

H. kilpatrick (1918)

CONCEPTOS RELACIONADOS

- **APRENDIZAXES SIGNIFICATIVAS**

“alcanzar aprendizaxes significativas supón que se producira, ante a nova información e na mente de quen aprende, unha revisión, modificación e enriquecemento das súas estruturas de pensamento, de modo que se establezan novas conexións e relacións que aseguran a memorización comprensiva do aprendido”. David Ausubel (1976)

● **CONFLICTOS COGNITIVOS**

Non é posible pensar en aprendizaxes significativas que non supoñan a reorganización, reestructuración, acomodación o reequilibración dos esquemas de pensamento (Piaget, 1999).

- **O VALOR DOS OUTROS E A COLABORACIÓN NA APRENDIZAXE INDIVIDUAL**

A aprendizaxe é unha actividade social, resultante da confluencia de factores sociais, así como da interacción comunicativa con pares e maiores (en idade e experiencia), compartida nun momento histórico e con determinantes culturais particulares (Vygotsky, 1986).

- **DESENVOLVIMENTO INTELECTUAL HARMÓNICO**

A intelixencia é un conxunto de potencialidades desenvolvíbles que permiten resolver problemas cotiás, xerar novos problemas e crear produtos (Gardner, 1987).

● TANTEO EXPERIMENTAL E MÉTODO NATURAL

Considera que as aprendizaxes se efectúan a partir das propias experiencias, da manipulación da realidade que poden realizar os nenos, da expresión das súas vivencias, da organización dun contexto (dun ambiente) no que os alumnos poidan formular e expresar as súas experiencias. . (Freinet, 1969)

● EDUCACIÓN PROBLEMATIZADORA: DIÁLOGO LIBERADOR

A «Educación Problematizadora» que nega o sistema unidireccional proposto pola «Educación bancaria» xa que dá existencia a unha comunicación de ida e volta, e elimina a contradición entre educadores e educandos. Ambos os dous, educador e educandos, edúcanse entre si mentres se establece un diálogo no cal ten lugar o proceso educativo. (Paulo Freire, 1980)

● **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.


El cono del aprendizaje de Edgar Dale



Taxonomía
de Bloom
para el siglo
XXI



ESQUEMA DUN PROXECTO



ESQUEMA PARA A AULA

SITUACIÓN INICIAL	SABERES PREVIOS	FORMULACIÓN DE PREGUNTAS	ELABORACIÓN DO PRODUTO	VALORACIÓN
PROPOSTA	CATEGORIZACIÓN	PLAN DE TRABAJO	DOSSIER E COMUNICACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA

ESQUEMA A SEGUIR NA ELABORACIÓN DE PROXECTOS

<i>Que sabemos?</i>	<i>Que queremos saber?</i>	<i>Onde buscamos...?</i>	<i>Que facemos coa información?</i>	<i>Que aprendemos?</i>
<i>Que categorías?</i>	<i>Guión</i>	<i>Como nos organizamos?</i>	<i>Que outras cousas poderíamos facer?</i>	<i>Como mellorar...?</i>

PUNTO DE PARTIDA

- COMO INTRODUCIMOS UN PROXECTO?
- Cada proxecto nace...
 - Dun xogo
 - Dun soño
 - Dun conto
 - Dun diálogo
 - Dunha visita

- Dunha carta
- Dun misterio
- Dunha sorpresa
- Dunha pregunta
- Doutro proxecto
- De calquera situación, necesidade ou problema...

QUEN O INTRODUCE?

- O ALUMNADO

- Porque queren buscar respostas as miles de preguntas e sucesos que ocorren ó seu redor

● O PROFESORADO

Tentando:

- Ampliar intereses
- Crear contextos diferentes
- Introducir contidos novos

- OU AMBOS
- INCLUSO DUNHA PROPOSTA EXTERNA Á ESCOLA

MOTIVACIÓN

● **OBXECTIVOS**

- Presentar o tema e os obxectivos a lograr (ser quen de...).
- Negociar co alumnado aspectos a tratar (maior implicación).
- Activar os coñecementos do alumnado.
- Crear expectativas e interese polo tema.

IDENTIFICACIÓN DE IDEAS PREVIAS

● OBXECTIVOS

- Explorar as ideas previas do alumnado. Significatividade psicolóxica.
- Tomar conciencia por parte do alumnado dos seus coñecementos.
- Poñer en xogo os recursos cos que vai contar o alumnado para facer fronte á situación de aprendizaxe (básico na construción do novo coñecemento).

TÉCNICAS

- CUESTIONARIOS
 - KPSI
 - De elección múltiple
 - De verdadeiro/falso
- TORMENTA DE IDEAS EN GRAN GRUPO
- MAPA CONCEPTUAL INDIVIDUAL

- DEBUXO/ESQUEMA EN PEQUENOS GRUPOS
 - DEBATES
 - ENTREVISTAS
 - ANÁLISE DE MATERIAIS
 - FOTOPROBLEMA
 - PIRÂMIDE INVERTIDA...
- (PÓDENSE COMBINAR VARIAS TÉCNICAS)

EXEMPLOS

AVES

¿QUE SABEMOS? ¿QUE QUEREMOS SABER?

ALGUNAS ANDAN NA AUGA AS AVEs UOAN OS BÚFOS VIVEN EN COS ÁRBORES OS PAXAROS CANTAN AS AVEs TÁÑEN ENriba DAS CAIAS AS AVEs TÁÑEN CAGAN NOS COLRES COLLEN A COMIDA CO PISCO E VANA COMER AS ÁRBORES AS AVEs COMEN MILLO TEñEN PISCO OS PAXAROS VAN COA GALIDA PARA QUE NON SE PERDAN COLLEN A COMIDA CO PRO E DANLE OS PITIDOS AS GALIDAS POñEN OVS OS PAXAROS COMEN OS XEñEMENES DOS CRUPETES OS PAXAROS COMEN GUSANOS OS OVS DAS GALIDAS NACEN PITIDOS SI HAI UN BURATO NA ÁRBORE RETE O RÍO E COME O GUSMO AS AVEs TEñEN PLUMAS AS GALIDAS PODEñAN PORQUE QUEREN QUE OS NENOS AS DEñEN EN PAR AS AVEs NON TEñEN ORELAS AS AVEs TEñEN ALAS AS PAXAROS COMEN LAS PALOMITAS AS AVEs VIVEN NO MONTA	¿TODAS AS AVEs POñEN OVS? ¿COMO SE FORMAN OS OVS DENTRO DAS GALIDAS? ¿PORQUE SON BLANCOS OS PITOS CANDO NACEN? ¿OS CIBNES POñEN OVS? ¿COMO SE CHAMAN OS PAXAROS? ¿COMO FAN PARA OIR? ¿ONDE VIVEN NO MONTA? ¿QUE COMEN OS CIBNES? ¿POR QUE MATAN ALGUNHAS AVEs? ¿KANTAS CLASES DE AVEs HAI?
--	--

¿ONDE BUSCAMOS INFORMACIÓN?

- NOS LIBROS	- NAS PELÍCULAS
- NA BIBLIOTECA	- NAS PANTALLAS
- NOS CORTEJS	

IDEAS PREVIAS

SOBRE AS RAS...

Sobre

As

Ras...

QUE SEI? 23/3/9

Está aveces na auga

- Que é un animal.
- Que os cagados son marróns.
- Que saltan.
- Que os cagados son delgados.
- Que ten as patas de tras moi largas. Máis que as de diante.
- As patas detrás que son as que se impulsan para nadar na auga.
- Que as ras están sempre preto das charcas.
- E eu creo que todas as ras son verdes.
- E anfibio.
- Que flota na auga.

Que sei?

23/3/09

- É un animal.
- É un anfíbio.
- Que son as verdes.
- É os machos marróns.
- Que comen insectos (moscas).
- Viven en auga e terra.
- Estiran a lingua para comer.
- Teñen as patas traseiras máis largas que as dianteiras.
- Teñen catro patas.
- Cando crean inchadelle o pafio

QUE SEI? 23-3-09

• A ra é un animal que vive na terra e na auga pero. Cando esta na terra e lle do moito o sol pode morrer. E cando esta na auga para nadar.

Impulsa as patas traseiras e se reproduce por ovos e por iso se cria. E pode por máis de 10 ovos.

IDEAS OU CONCEPTOS QUE
DEBEMOS RETOMAR Á HORA
DO SEGUINTE PASO..
QUE QUEREMOS SABER??

QUE SEI?

23/03/09

- É um animal
- É ovíparo
- Vive na água e na terra
- A mãe não e sca unha na que é um cágado
- Tem a pel de cor verde
- Come peruca e mais
- O macho chama-se sapo
- De pequenos têm as pernas mas depois caem.
- As patas de atrás são largas
- Não andam que saltam

QUE SEI?

23/3/09

- É um animal
- Vive na água.
- Também ^{podem estar} na terra.
- Impera por cágado, reproduzindo.
- Depois colhe a cola.
- E transformase em ra.
- É mais difícil que saberem, os cágados.
- Os cágados são largos

Que sei?

23/3/09

- É um animal ~~que~~ vive nas charcas, lagos ect.
- Têm as patas traseira ^{muito} mais longas ^{que as de água} (as longas) e por isso podem saltar tanto. *
- As rãs podem estar em água e ^{na terra}.
- Também as rãs alimentam-se de algas, ~~algas~~ (respiram por pulmões).
- A rã é do grupo dos anfíbios.
- As rãs venenosas ^{uma} de cor roxa e a outra ^{rã} e cor verde. *
- Quando crescem os cágados nascem as patas traseiras e as dianteiras.

QUE SEI?

- É um animal (Reptil) Rêtil.
- Vive na água e terra.
- Reproduz-se por ovos.
- Saltam.
- Os Rãs ~~são~~ com a chave var a comer insetos.
- A sua língua se estira.
- Respiram ~~pelo~~ pela garras.

13/03/09

23/3/09

Que sei?

- É un animal.
- Vive na auga e na terra
- É ovíparo.
- As crías son cágados.
- Móvense de ^{brinca} ~~brinca~~ en brinca e nadando.
- As patas traseras son máis longas e fortes.
- Hai nas venenosas e utilízase a veneno para dardos.
- É un réptil.
- Comen moscas e insectos.

23/3/09

Que sei?

- É un animal.
- É ovíparo.
- As crías pequenas chámase "cágados".
- Os cágados teñen cola pero despois caeselle.
- É verde con algunha pintiña.
- A (isa) pel elisa
- Vive nas charcas normal mente.
- É acuática.
- Saltan moito.
- Gustalle a auga pero tamén estar fora dela
- Ten as patas de atrás máis longas que as de diante.
- Nada coas patas de atrás.
- O son que fai é "croak".
- Son tranquilas.
- É non lle gusta o ruído alto.
- É máis ou menos pequena.
- Teñen os dedos moi separados.
- Gustalle os nenúfares.
- Non e alta nin vai xa.
- Non van sempre en grupo.
- Máis ou menos parece un sapo.
- Para respirar inchaselle a queixo.

ESTRELAS

¿QUE SABEMOS?

- AS ESTRELAS BRILLAN E SON AMARELAS
- SON LUMINOSAS.
- SALEN POLA NOITE
- TEÑEN NOME
- A LÚA ACOMPAÑA AS ESTRELAS
- O SOL É UNHA ESTRELA
- AS ESTRELAS ACOMPAÑAN NOS
- CON ALGUNHAS ESTRELAS PÓDENSE DESEXOS
- AS ESTRELAS SON MOITAS
- AS ESTRELAS ESTÁN EN TODOS OS SITIOS.
- AS ESTRELAS ESTÁN NO CEO.
- CANDO O CEO ESTA' MUI NEGRO NON HAI ESTRELAS.
- AS NUBES TAPAN AS ESTRELAS.
- O SOL QUEIMA OS OLLOS
- AS ESTRELAS NO CEO SON GRANDES PERO NA TERRA VENSE PEQUENAS.
- AS ESTRELAS ESTÁN LOUXE
- O SOL ESCUDESE
- ALGUNHAS SON BLANCAS.
- O SOL DA CALOR

¿QUE QUEREMOS SABER?

- ¿CANDO É DE DÍA QUE PASA COAS ESTRELAS?
- ¿POR QUE A LÚA ESTA' EN TODOS SITIOS?
- ¿DAN VOLTAS?
- ¿POR QUE AS ESTRELAS SEMPRE SALEN?
- ¿CANDO HAI UN ECLIPSE PORQUE NON APARECEN AS ESTRELAS?
- ¿AS ESTRELAS TEÑEN GAS POR DENTRO?
- ¿QUE É O GAS?
- ¿POR QUE AS ESTRELAS ESTÁN NO CEO?
- ¿DE ONDE VEDEN AS ESTRELAS?
- ¿QUE É UNHA ESTRELA FUGAZ?
- ¿MARTE É MAIS GRANDE CAS ESTRELAS?
- ¿OS PLANETAS SON MAIS GRANDES QUE AS ESTRELAS?
- ¿POR QUE O SOL NOS PERSIGUE?
- ¿POR QUE SON AMARELAS?
- ¿POR QUE AS DEBUXAMOS CON PUNTAS?
- ¿POR QUE AS ESTRELAS NON ESTÁN EN TODOS OS PLANETAS?
- ¿NAS ESTRELAS VIVE ALGUÉN?
- ¿AS ESTRELAS MORREN?
- ¿ALGUNHAS PODEN CAER?

¿ONDE BUSCAMOS INFORMACIÓN?

- | | |
|----------------|--------------------|
| - NOS LIBROS | - NOS DOCUMENTALES |
| - NO ORDENADOR | - NOS VÍDEOS E DVD |
| - NA TELE | |
| - NAS CLASES | |

¿QUE SABEMOS?

- QUEIMAN ÁS ÁRBORES
- A CALOR AXUDOU A QUE HOUBERA MÁIS LUME
- AS AVIONETAS BOTABAN AUGA E TAMÉN HELICÓPTEROS
- OS TRACTORES VALEIRARON O ESTERCO E BOTABAN AUGA
- EN COCHES LEVARON Á XENTE FERIDA
- ALGUNHAS CASAS QUEIMÁRONSE
- COAS MANGUEIRAS BOTABAN AUGA
- HABÍA BOMBEIROS
- AGORA NON HAI LUME PERO ESTÁ TODO QUEIMADO
- OS ANIMAIS NON TEÑEN HERBA E ALGÚNS ESTÁN FERIDOS E MOITOS MORRERON
- TÓDOLOS VECIÑOS COLABORARON PARA APAGAR OS INCENDIOS
- OS INCENDIOS DAN MOITO MEDO
- DE NOITE VESE MELLOR O LUME
- FUME NON DEIXABA VER AS ESTRELAS
- ARDEU EN PARALADA, TAMÉN UNS BARCOS
- PRENDERON LUME CON MECHEIROS E VELAS

¿QUE QUEREMOS SABER?

- ¿POR QUE PRENDERON LUME?
- ¿QUE LLE VAI A PASAR ÓS QUE PRENDERON LUME?
- ¿POR QUE PRENDERON LUME SI NON ERAN SEUS MONTES?
- ¿QUE LLE PASA ÓS ANIMAIS QUE SOBREVIVIRON?
- ¿POR QUE MORRERON PERSOAS?
- ¿QUE VAI A PASAR NOS MONTES QUEIMADOS?
- ¿QUE PASARÍA SI DESAPARECERAN TÓDALAS ÁRBORES?
- ¿COMO SE PODEN DETER OS INCENDIOS?

¿ONDE BUSCAMOS INFORMACIÓN?

- NO ORDENADOR
- NOS LIBROS
- NA RADIO
- NOS XORNAIS
- EN REVISTAS
- NA TELEVISIÓN

¿QUE SABEMOS?

- + BOTAN LAVA
- + EXPLOTAN
- + SALE AUGA
- + A LAVA CONVÉRTESE EN PEDRA
- + A PEDRA MEDRA E TRANSFÓRMASE NUN VOLCÁN
- + BOTAN FUME
- + BOTAN LUME
- + EXPLOTA E BOTA LAVA
- + A LAVA FAI PEDRAS QUE SE POÑEN Ó ROJO VIVO E DEFÓRMANSE
- + ONDE HAI DINOSAURIOS HAI VOLCÁNS
- + SI SUBES A UN VOLCÁN EN ERUPCIÓN SAES VOANDO
- + SON COMO FLANES
- + SI CAES A UN VOLCÁN MORRES PORQUE NON VEN NINGUÉN A AXUDARCHE
- + SI CAES PARA FÓRA NON, PERO ROMPES OS ÓSOS
- + NINGUÉN PODE FACER NADA

¿QUE QUEREMOS SABER?

- + ¿QUE PASA SI NEVA?
- + ¿COMO ENTRA EN ERUPCIÓN?
- + ¿COMO SABEMOS CANDO VAI A ENTRAR EN ERUPCIÓN?
- + ¿CANTO MIDEN DE ALTURA?
- + ¿QUEN LLE PON NOME ÓS VOLCÁNS?
- + ¿POR QUE HAI ANIMAIS E PERSOAS CERCA DOS VOLCÁNS?
- + ¿POR QUE OS HOMES SUBEN ÓS VOLCÁNS?
- + ¿POR QUE A CINZA E OS HOMES SE CONVERTIRON EN PEDRA?
- + ¿POR QUE ALGÚNS VOLCÁNS NON BOTAN LAVA?


¿ONDE TOPAMOS INFORMACIÓN?

- + NOS LIBROS
- + NOS PERIÓDICOS
- + EN PELÍCULAS
- + EN REVISTAS
- + NO ORDENADOR

EXEMPLOS DE RECOLLIDA DE IDEAS PREVIAS A TRAVÉS DE DEBUXOS EN PROXECTOS SOBRE O NOSO CORPO:




O MEU CORPO




O MEU CORPO RAUL

17- Setembro-
2013




Candela 17-9-2013

O MEU CORPO



Felipe 17-9-2013

O MEU CORPO





AS PLANTAS

Luis Carlos

as plantas teñen nuclear

MANU

As plantas son seres vivos

Érika

as plantas necesitan
auga.

tadeo

as plantas úsense para coidar.

helena

todas as plantas nacen,
reprodúcense e morren

IDEAS PREVIAS SOBRE AS PLANTAS

Neste ano escribiremos todo o
que sabemos sobre as plantas

sara

as plantas nacen dunha
semente

Laura

as plantas teñen follas

Alba

todas as plantas teñen raíz

xabi

as plantas son de diferentes
cores

tamiru

as plantas son de diferentes
tipos

GABRIEL

AS PLANTAS TEÑEN OS
MESMOS DEREITOS CA OS
HUMANOS

aidan

as plantas nacen da terra

MERYEME

Todas as plantas necesitan
Sol, Aire, Auga, Terra

- Un punto central é a definición das fontes de onde se obterá a información que o traballo requira. Posteriormente, para que a información colleitada teñan significado, deberá ser organizada e clasificada en textos, cadros, gráficos, imaxes ou outras formas de modo de que o alumnado poida alcanzar unha visión de conxunto. Esta permitirá nunha etapa posterior, establecer relacións, establecer hipóteses e confrontalas coas súas ideas iniciais, adquirir conceptos, argumentar.

QUE QUEREMOS SABER?

- Como se fai o auga?
- Como saen os cores do arco da vella?
- Por qué temos auga doce e auga salgada?
- Por que non se agota a auga do mar?
- Experimentos
- Propiedades da auga?
- Como podemos atopar a auga?

- **Importante no desenvolvemento é planificar as actividades que se van a desenvolver, os tempos de traballo (cronograma), os espazos, os materiais, a repartición das tarefas, as responsabilidades dos integrantes do equipo.**

◆ Obtención da información:

A través de **INSTRUMENTOS** relacionados

- ▶ coa experiencia directa (Visitas, entrevistas, experimentacións...)
- ▶ con fontes de observación indirecta (artigos, libros, xornáis, vídeos...)
- ▶ con informacións proporcionadas polo profesor-a.



09 Xaneiro 2017

Manuel Fálquez



09 Xaneiro 2017

Manuel Fálquez

◆ Tratamento da información:

Os nenos e nenas

- ▶ recollen (en grupos ou individualmente) os datos útiles,
- ▶ clasifican e ordenan esa información,
- ▶ adquiren habilidades para traballar con medios e recursos diferentes.







09 Xaneiro 2017

Manuel Fálquez



09 Xaneiro 2017

Manuel Fálquez

COMO ORGANIZAR A INFORMACIÓN

- CATEGORIZAR
- ELABORAR INVENTARIO DE IDEAS DO GRUPO
- INVENTARIO CONCEPTUAL PARA CADA ALUMNO OU ALUMNA

USAER 1-13

Con Mapas Mentales:

- Organizo mi
- Aprendo y me divierto
- Asocio más
- Imagino
- Estudio mejor y
- Uso todo mi

+ Integración
+ Reflexión

MAPA MENTAL

Manifestación gráfica del pensamiento

RADIAL

- De un núcleo central se irradian ramas en todas direcciones cuando asociamos ideas.
- En un solo plano capta toda la información.

A mi

le gusta las y formas

curvas

brillantes.

Uso palabras clave, signos, símbolos, dibujos, códigos, abreviaturas. (para asociar todas mis ideas)

Estudio con de

para Xq

Tarea y



Elaboración do dossier:

Coa información obtida

- ▶ elaborase un dossier e/ ou
- ▶ anótase nos cadernos individuais como soporte básico de estudio e medio para sistematiza-lo recordo.

Clara

PROPIEDADES DA AUGA



- Non ten forma porque ^{recipiente} adaptase a calquera



- Incolora significase que non ten cor
a Carla lle podiamos verlle o ollo




- Inodora porque non cheira a nada
a Marta non lle cheiraba a nada



- Insípida que non ten sabor
cando David bebíavedeíaa
que non sabía a nada

O NOSO CORPO



ASÍ SOMOS!

CAPELA DE SANTILMO

Exemplar único do barroco português em Galicia, edificada sobre a casa onde viviu este santo dominico no século XIII. Iniciada en 1769 aínda que non se finalizou ata 1800. Destaca a súa planta droular, a súa cúpula "gallónada" ou os frescos de comezos do XIX.



Capela de San Telmo

IGREJA DE SAN FRANCISCO

Era a igrexa do convento franciscano de San Antonio, realizada entre 1.662 e 1.720, cun destacado retablo barroco da primeira metade do XVIII. O antigo convento é, na actualidade, o Seminario Menor Diocesano desde 1850.



Igreja de San Francisco

VISITAR TUI

O concello de Tui conta cunhas excepcionais condicións xeográficas e climáticas, idónea comunicación e un atractivo conxunto histórico.

Destaca tamén Tui por unha intensa vida social e cultural que ten no Teatro Municipal e no editio "Área Panorámica" unha ampla oferta de actividades.

(Maria, Ier, David)



Alumnado de 4º de primaria

Proxecto "Prazos e Pazos"

Don. St. Joseph's Primary School de Epsom (Sussex- Reino Unido)

CURSO 2012

2013

CEIP DE PAZOS DE REIS



CEIP DE PAZOS DE REIS

Alumnado de 4º de primaria

CURSO 2012-2013

TUI

UNHA
EXPERIENCIA
INESQUECIBLE



O RIO MIÑO



O río Miño ao se espazo por Tui

O último tramo do Río Miño é unha carreira cara o mar. Este último tramo reúne unhas condicións excelentes para a práctica de deportes.

A mellor época para a navegación é o verán e outono, coincidindo cos máis altos caudais.

Danse cba en Tui, na época estival, importantes eventos deportivos como: o despenzo internacional do Río ou a Regata Presidente da Xunta.

FORTE INTERNACIONAL

A ponte internacional de Tui está situada entre as localidades de Tui, na provincia de Pontevedra, España, e Valença do Minho en Portugal, unindo as dúas marxes do río Miño. A ponte foi rematada no ano 1884 e inaugurada oficialmente o 25 de marzo de 1886.



Alex, Rocio, Miren, Javier

A CATEDRAL DE TUI

A súa edificación foi iniciada no ano 1.120 e consagrada polo Bispo Egea en tempos de Alonso IX.

Bívase sobre a parte máis alta da cidade, conservando a aparencia da fortaleza con torres almenadas, camiños de pase e paradísos.

O seu fundamento arquitectónico pertence ao estilo Románico, ao que posteriormente se lle engadiu a obra Gótica como remate.

Este segundo estilo moi ben representado no Pórtico da entrada primeira obra Gótica que se realizou na Península Ibérica.

No seu interior pódese admirar a capela do sacramento, a capela maior, a capela de San Telmo, o coro, un dos conxuntos máis importantes que posúe a Catedral de Tui o museo diocesano, antes capela de Santa Catalina, arquivo, órgano e Claustro.



PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA

Declarado Parque Natural en 1978, o primeiro de Galicia, o monte Aloia é unha auténtica atalaia a 700 m de altura, con 5 miradoiros e extraordinarias vistas sobre o río Miño.

O Parque Natural Monte Aloia encóntrase concretamente no termo final do río Miño, municipio de Tui, en Pontevedra, Galicia.

Destaca a Casa Forestal, de curioso deseño realizado polo enxeñeiro don Rafael Areses que foi o enxeñeiro que tamén construíu o noso colexio Pazos de Reis.

Posúe unha ampla mostra de especies vexetais de alto valor, fauna típica de monte interior así coma paisaxes de gran beleza e sobre todo numerosos miradoiros sobre o val do Miño, como a cruz que preside o alto do monte.

Próximo a Tui integrado na Serra do Gálifreio, o Monte Aloia ten uns 10 km de sendas nunha paisaxe singular.

É o resultado dunha exótica repoboación realizada hai 100 anos.

No monte hai restos prehistóricos e romanos e a súa historia está rodeada de lendas. Dize que aquí as augas salvaxes son fertilizadas polo vento. Tamén que este é o mítico Monte Medulio escenario de suicidio colectivo das tribos celtas antes de caer en mans dos romanos.


(Maria, Ier, David)



Cruz de embudo

Cruz do Monte Aloia

Casa Forestal



DATA 20/10/2015

Sexo: HOME MULLER

PROFESIÓN: Estudiante

DOMICILIO: Circas DC-Tuy

DATA DE NACEMENTO: 07-03-2007

Páxina 2

VISADO




PAÍS

Reino Unido

Páxina 3


MES DA CIENCIA

2015 EN PAZOS DE REIS



CONFERENCIAS
NO XINRASIO
NAS HORAS DE LECTURA





- **O produto final debe ser compartido con outros interlocutores (na escola, a comunidade escolar, o grupo de pais, outros grupos). É unha forma de recoñecemento do esforzo emprendido na investigación sobre o tema.**



Página 138. Ejercicios 1,2,3

Pág 123 (6-7)
Pág 128 (5)

31/05/2012

Reservas de pistas de tenis

	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes	Sábado	Domingo
Pista 1		Carmen Luis	Teresa Laura			Rosa Marta	
Pista 2		Jorge Diego		Lola Pablo			
Pista 3	Roberto Ignacio					Laura Teresa	
Pista 4	Teresa Laura			Eric Nicolás			

el nombre de todas las personas
en el martes.
en la pista 2 durante la semana
en el sábado en la pista 3
jugará más o menos











COMO OS AVALIAMOS?

CANDO	QUE	COMO	QUEN E ONDE
INICIAL	NENOS/NENAS ■ Coñecementos previos.	NENOS/NENAS ■ Aportacións na asemblea ■ Representacións plásticas. ■ Escritura “á súa maneira”	Nenos/as e titor/a
	TITOR/A ■ Coñecementos previos ■ Rol ■ Traballo en equipo	TITOR/A ■ Coordinación dos titores/as implicados/as	Titores/as
	FAMILIAS ■ Implicación e participación	FAMILIAS ■ Explicación do proxecto na reunión de aula. ■ Sondeo de posibles recursos.	
	CENTRO ■ Organización de: - Recursos humanos - Materiais: aporte económica (libros novos, xogos, etc.) - Espazos: coordinación de espazos xerais.	CENTRO ■ Coordinación dos titores/as implicados/as ■ Información do proxecto no claustro. ■ Organización de actividades xerais	Equipo educativo e persoas implicadas no proxecto

CANDO	QUE	COMO	QUEN E ONDE
PROCESO	NENOS/NENAS ■ Propostas realizadas e pendentes. ■ Aprendizaxes novas ■ Organización da aula TITOR/A ■ Propostas realizadas e pendentes. ■ Aprendizaxes novas FAMILIAS ■ Implicación e participación CENTRO ■ Organización de recursos.	NENOS/NENAS ■ Aportacións na asemblea ■ Transmisión dos coñecementos aos demais. Asembleas. Xogo sociodramático. Elaboración de paneis. Representacións plásticas e escritas... ■ Establecemento de normas de aula TITOR/A ■ Asemblea de aula. Valoración e viabilidade das novas propostas ■ Rexistro de ítems. FAMILIAS ■ Aportación de materiais: libros, vídeos... ■ Colaboracións: talleres, saídas charlas... CENTRO ■ Seguimento no claustro	Titores/as e nenos/as na aula Equipo educativo. Persoal de servizo. Claustro

CANDO	QUE	COMO	QUEN E ONDE
FINAL	NENOS/NENAS ■ Aprendizaxes novas: que aprendemos? TITOR/A ■ Aprendizaxes finais ■ Programacións. Revisión e conclusión sobre: ○ Obxectivos ○ Contidos ○ Actividades ○ Recursos humanos ○ Recursos espaciais ■ Práctica educativa. Rol do educador: ○ Actitude ○ Motivación ○ Grao de satisfacción ■ Traballo en equipo. FAMILIAS ■ Implicación e participación CENTRO ■ Organización de recursos.	NENOS/NENAS ■ Recollida de coñecementos finais: paneis, cuadernillos, presentacións... TITOR/A ■ Rexistro de indicadores finais ■ Recollida de coñecementos finais: paneis, cuadernillos, presentacións... ■ Elaboración documento final. ■ Analise e reflexión nas reunións. FAMILIAS ■ Valoración nas reunións de aula: aportacións, colaboracións... ■ Aportación de materiais: libros, vídeos... ■ Exposición das aportacións: talleres, saídas charlas... CENTRO ■ Recollida por escrito dos aspectos mais significativos	Nenos e nenas Titores/as Equipo educativo en reunións de claustro.

AUTOINFORME

Penso no que sei  	Gardo a Miña quenda de palabra  	Anoto e reflexiono sobre escribir  	Busco información  	N O S P R O X E C T O S
Manexo fontes  	Organizo a información  	Traballo en grupo  	Colaboro co resto da clase  	

NOME:

Maio 2009

AZUCENA ARIAS CORREA

INFORME DE RAONS I PROJECTES

DADES

Nivell:	Data:
Cicle:	
Nom de l'alumne/a:	
Nom del tutor o tutoria:	

INFORME DE RAONS

ASPECTES	DIUEN EL I LES MESTRES			DIUEN LES NENES I ELS NENS			DIUEN LES MARES I ELS PARES		
	P	B	F	P	B	F	P	B	F
Elecció equilibrada partint de l'interès i el criteri propi									
Capacitat de negociació i presa d'acords comuns									
Participació oral en la devolució de les activitats a la rotllana									
Utilització de l'expressió escrita per explicar les activitats									
Esfort per la qualitat dels treballs									

P: poc - B: bastant - F: força

AVALIACIÓN FINAL DO ALUMNADO

- **Ítems xerais dun proxecto:**
- Busca e aporta información
- Participa de forma activa nas actividades propostas.
- Faise preguntas sobre o proxecto que estamos traballando.
- Fai propostas de actividades relacionadas co Proxecto.
- Apoia as propostas doutros compañeiros/as na Asemblea.

- É capaz de traballar en pequeno grupo, pedindo axuda cando a necesita e ofrecéndolla aos demais.
- Anticipa os pasos que haberá que dar para realizar a tarefa.
- Ampliou o seu coñecemento sobre o tema.
- Incorporou o vocabulario do proxecto á linguaxe habitual.
- Transmítelle a outras persoas o que aprendeu no proxecto.
- Respecta as normas de uso da Biblioteca (de aula ou de Centro)
- Atópase motivado polo proxecto.

*“DÍGAME E OLVIDO,
MÓSTREME E RECORDO.
INVOLÚCREME E COMPRENDÓ”*